

RESOLUCIÓN**EXP:2025/A004/000001****EXP DECRETO: 2025/G003/000428****ASUNTO:..CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA A CEIP VIRXE DO PORTAL**

Visto o establecido na base 63.2 das bases de execución do orzamento en vigor relativa ás subvencións nominativas nos que se consigna na aplicación 341.48000 cun importe de 3.500,00 euros para o outorgamento da concesión de subvencións de maneira directa a: CEIP VIRXE DO PORTAL para dixitalización da aula TIC(adquisición de equipos informáticos ETC...)

Visto que con data 24/09/2025, emitíuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a concesión directa de subvencións. no que se acreditaba a consignación de suficiente na aplicación orzamentaria nos Orzamentos

Visto o informe de fiscalización emitido pola intervención de data 24.09.2025.

Visto que se practicou a retención de crédito.

Comprobado que a entidade se atopa ao corrente do cumprimentos das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Examinada a documentación que a acompaña e visto o informe de Secretaría,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Outorgar, con cargo á aplicación 341.48000 do orzamento de gastos da Corporación, as seguintes subvencións a:

- a CEIP VIRXE DO PORTAL ascendendo a contía a 3.500,00 €.

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, por un importe de 3.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000 para para dixitalización da aula TIC(adquisición de equipos informáticos ETC...)

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención.

CUARTO. Comunicar aos interesados que deberá xustificarse no prazo dun mes a contar dende a notificación do acordo de concesión da subvención o cumprimento da actividade ou investimento e xustificación documental do o seu custo, debendo alcanzar os gastos xustificandos, polo menos o importe da subvención concedida , debendo presentar a seguinte documentación:

- a) A Conta xustificativa que estará formada por:

- Una memoria de actuacións, xustificativa do cumprimento das condicións

impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e das desviacións acontecidas respecto dos resultados previstos.

-Una memoria económica, que conteña una relación numerada secuencialmente dos gastos realizados, ordenada por partidas orzamentarias, xunto cos xustificantes de pago correspondentes, así como o orzamento total das actividades subvencionadas mediante un cadro de ingresos e outro de gastos nos que as cantidades finais deben coincidir, e/ou ter un saldo negativo respecto dos ingresos.

O importe total dos ingresos, non superará o total dos gastos necesarios para a realización da actividade.

b) Facturas, orixinais ou as fotocopias debidamente compulsadas que garantan o investimento na finalidade para a que foi concedida.

c) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou adopción do comportamento efectuouse nos termos da memoria presentada .

d) Declaración expresa do conxunto de axudas solicitadas ,concedidas ou pendentes de resolución , para a mesma finalidade, das distintas entidades públicas e privadas

e) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño , de Subvencións de Galicia.

f) Declaración na que se acredite atoparse ao corrente das obrigacións fiscais con este Concello.

g) Acreditar que se atopa ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.

h) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta do beneficiario.

i) Acreditación do pago efectuado das facturas xustificativas presentadas.”

QUINTO.- Dar conta ao Pleno da presente resolución na próxima sesión que se celebre.

Mandao e asinao, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora , aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

**O alcalde
secretaria-interventora**

A

**Luis Lisardo Santos Ares
Fandiño Sánchez**

Alejandra. D